



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 7 de xaneiro de 2016
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación balance programa de axuda no fogar 2014**
- 3. Devolución de aval presentado por Servicios y Materiales SA**
- 4. Prórroga do contrato do servizo de mantemento informático**
- 5. Apertura oferta económica contratación do seguro de responsabilidade civil municipal**
- 6. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de decembro do 2015.

2. Aprobación balance programa de axuda no fogar 2014

Dase conta do balance anual 2014, relativo ó Servizo de Axuda no Fogar:

2014 – INGRESOS SAF BOQUEIXÓN		2014 – GASTOS SAF BOQUEIXÓN	
De organismos públicos (Detallar organismos e conceptos)		Persoal:	
Usuarios dependencia	203.197,05 €	Retribucións (básicas e complementarias)	158.811,31 €
Usuarios libre concorrencia	18.395,77 €	Cotas Seguridade Social	47.311,24 €
		Xerais:	
		Aluguer local	750,00 €
		Guantes y mascarillas	1.039,58 €
		Uniformidade	1.744,64 €
		Teléfono	2.246,01 €
		Combustible Diana	412,03 €
			0,00 €
		Impresoras	47,31 €
		Papelería oficina	42,86 €
		Seguro	130,51 €
		Servizos bancarios	269,56 €
		Gastos de estrutura de xestión (administrativo)	2.219,70 €
INGRESOS TOTAIS	221.592,82 €	GASTOS TOTAIS	215.024,75 €
SUPERAVIT	6.568,07 €	DEFICIT	0,00 €

3. Devolución de aval presentado por Servicios y Materiales SA

O día 22 de marzo de 2012 asinouse o contrato coa Servicios y materiales SA (SERMASA) para a realización do servizo de axuda no fogar deste concello.

Con anterioridade, a dita empresa entregara o correspondente aval bancario polo importe 11.646,70 euros.

O día 3 de decembro de 2015, D. José María xxxxx en representación de Servicios y materiales, SA solicita a devolución do aval, despois de que se rescindira o contrato no pasado mes de marzo.

Polo tanto e segundo o art. 102 da Lei de Contratos, a Xunta de Goberno acorda:

- Devolver o aval presentado pola empresa Servicios y materiales, SA para responder da realización do servizo de axuda no fogar por importe de 11.646,70 euros.
- Comunicar este acordo á Tesourería deste concello para que faga entrega do mesmo á empresa e ó servizo de contratación para a finalización do expediente.

4. Prórroga do contrato do servizo de mantemento informático

O día 17 de xaneiro de 2014, asinouse o contrato do servizo do mantemento informático do concello coa empresa Compostela Digital, SL, cunha duración dun ano e a posibilidade de prorrogarse ata un máximo de catro anos.

Segundo o art. 23.2 da lei de contratos, no caso de darse prórroga, esta será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Polo tanto, e ante o próximo vencemento a Xunta de Goberno acorda:

Prorrogar o contrato do servizo do mantemento informático do concello por un ano máis, ata o 17 de xaneiro de 2017.

Comunicar este acordo á empresa para que confirme o seu consentimento

5. Apertura oferta económica contratación do seguro de responsabilidade civil municipal

Na Xunta de Goberno do día 17 de decembro, iniciouse a contratación polo procedemento negociado con trámite de urxencia, dos seguros de responsabilidade civil, dos locais municipais e da frota de vehículos municipais.

Solicitáronse ofertas ás 3 empresas municipais dedicadas ó sector e tamén se puxo a información na páxina web municipal

No prazo establecido para o efecto, só presentou Mapfre a oferta para participar no concurso da contratación do seguro de responsabilidade civil. Os outros dous seguros, locais municipais e frota, quedaron desertos.

Urxe a contratación, posto que o vindeiro día 14 vence o concertado coa empresa Seguros Bilbao,SL, polo tanto, e debido a que hai unha única oferta presentada, procédese coa apertura dos sobres 2 e 3 nesta sesión.

A documentación do sobre núm. 1 está correcta, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1 Dar por válida a documentación administrativa presentada no sobre 1

2 Abrir o sobre 2 correspondente á oferta económica e á documentación xustificativa da póliza ofertada:

A prima anual ofertada é de 2.490,00 euros/ano, polo que o contrato sería por importe de 4.980,00 euros (2 anos vixencia)

Polo tanto, a proposta económica axústase ó prezo máximo do contrato. Preséntase, así mesmo, a documentación xustificativa da póliza ofertada

3 Abrir o sobre 3 correspondente ás melloras ofertadas pola empresa

4 Dar traslado da documentación ó persoal responsable da elaboración do informe para establecer as puntuacións ofertadas e supervisar o cumprimento dos pregos técnicos.

6. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde